

A N U N C I O

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 26 de abril de 2007, o expediente de modificación de créditos nº 4 dentro do actual presuposto de 2007, consistente na creación de dous créditos extraordinarios nas partidas 441.61326 e 441.61327 e por importes de 70.307,03 € e 44.959,83 €, respectivamente, expónse ao público a efectos de reclamacións durante 15 días hábiles contados a partir do día seguinte o da inserción no Boletín Oficial da provincia, de acordo có disposto nos artigos 177 e 169 do RDLeg. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O Grove, a 27 de abril de 2007.—O Alcalde, Miguel A. Pérez García. **2007004394**

* * *

P O I O

A N U N C I O

Rematado o prazo de información pública do anuncio publicado no “Boletín Oficial” da Provincia de 23 de marzo de 2007, núm. 59, referente ao acordo adoptado polo Pleno desta corporación en sesión celebrada o día 27/02/2007, sobre modificación da tarifa da “Taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións de recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica”, sen que se presentasen reclamacións en contra das mesmas, e en cumprimento do disposto no art. 17.4 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobada por R.D. 2/2004, de 5 de marzo, queda aprobada definitivamente e faise pública a citada modificación:

TARIFAS

1.—POSTOS BARRACAS E CASETAS
DE VENDA FIXA

- a) Venda fixa na Festa do Mar: 50€/m² por todo o período da festa.

No momento de realizar a reserva do posto ingresárase o 50% da cota, e o 50% restante en datas previas á celebración da festa.

- b) Restantes festas do municipio: 6€/m² por todo o período da festa.

2.—VENDA EN MERCADOS FIXOS OU OCASIONAIS

- Por superficie ocupada 8,00€/m²/ano.

3.—VENDA AMBULANTE POLO MUNICIPIO

Por cada autorización para venda ambulante de artigos pagaránse segundo os días de venda e pola superficie ocupada:

- Dous días: 15,00€/m² ou fracción/ano.
- Tres días: 17,00€/m² ou fracción/ano.
- Catro días: 18,50€/m² ou fracción/ano.
- Cinco días: 20,50€/m² ou fracción/ano.

Estas tarifas entrarán en vigor a partir do día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Poio, a 3 de maio de 2007.—O Alcalde, Luciano Sobral Fernández. **2007004473**

* * *

P O N T E A R E A S

E D I C T O

Solicitando desta Alcaldía por dona María José García Espiñeira, en representación de “Mundo Agro”, licenza municipal para instalación da actividade de venda menor de artigos e produtos agrícolas, sito na rúa Castela, nº 25-baixo, deste municipio de Ponteareas, e cumprindo o disposto no parágrafo a) do número 2 do artigo 30 do Regulamento de Actividades Moletas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, tal como dispón o artigo 86 da Lei 30/92, coa fin de que durante o mesmo, que comenza a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan examinalo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Ponteareas, a 23 de abril de 2007.—O Alcalde, ilexible. **2007004357**

* * *

O P O R R I Ñ O

E D I C T O

Por acordo adoptado o día 19 de abril de 2007, se desestiman as reclamacións presentadas á aprobación provisional dos expedientes de transferencia de crédito nº 1/2007 e do crédito extraordinario 1/2007, polo que se consideran definitivamente aprobados, de conformidade co disposto nos artigos 179.2 e 177 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o T.R. da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 38 en relación co artigo 20.3 do R.D. 500/1990, de 20 de abril.